

ESTATUTOS DA COMUNIDADE DE SANTA MARIA DE PIÑO
MONTE VECIÑAL EN MAN COMUN DOS VECIÑOS DA PARROQUIA
DE SANTA MARIA DE PIÑO



CONCELLO DE A POBRA DO BROLLON

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DO MEDIO RURAL
REGISTRO XERAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN - LUGO
N.º 0931 / 24.3.2010

CAPÍTULO I

Obxeto dos estatutos

Artigo 1º .- Os presentes estatutos teñen por obxecto regular ao abeiro da Lei do Parlamento de Galicia 13 /1989, do 10 de outubro e o seu regulamento aprobado polo Decreto 260 1992, a organización, disfrute e aproveitamento do monte veciñal en man común denominado **SANTA MARIA DE PIÑO** clasificado por resolución do Xurado Provincial de Lugo con data do 17 de decembro de 2008 e pertencente ós veciños de todos os lugares da parroquia de SANTA MARIA DE PIÑO no concello de A Pobra do Brollón

Mano de escritura

Luís López

A. Díez Yribea



CAPÍTULO II

Dos veciños comuneiros

Artigo 2º.- Compoñen a Comunidade, as persoas que figuren como tales no libro rexistro de Comuneiros, que sexan titulares de unidades económicas, con casa aberta e residencia habitual na entidade veciñal antes sinalada, e que veñan exercendo, segundo os usos e costumes da Comunidade, algunha actividade relacionada co monte.

Artigo 3º.- A condición de veciño comuneiro está ligada á casa familiar, de xeito que só se considerará un comuneiro por casa, salvo naqueles casos en que existan economías independentes, tendo que ser estas completamente demostrables e apreciadas pola Asemblea Xeral.

Artigo 4º.- Enténdese por residencia habitual aquela que se efectúe continuamente durante 1 ano, realizando no lugar os actos fundamentais da vida cunha permanencia mínima de 10 meses en cada ano.

Queda exceptuado do requisito de antigüidade de residencia, a persoa que veña a ocupar por título de herdanza, a casa do comuneiro falecido, se houberse continuidade entrámbolos dous. Esta excepción non afecta ao tempo de residencia fixado anualmente.

Artigo 5º.- O veciño emigrado que retorna ao lugar recupera de xeito inmediato os seus dereitos, sempre que cumpra os demais requisitos.



Artigo 6º.- O recoñecemento da condición de veciño comuneiro, corresponde á Asemblea Xeral.

A Comunidade levará un libro de rexistro cos nomes de tódolos veciños comuneiros, enderezo e data na que causa alta ou baixa da mesma. Esta relación manterase constantemente actualizada.

Artigo 7º.- As persoas que desexen obter a condición de veciño comuneiro, cos seus dereitos e obrigas, deberán solicitalo da Asemblea Xeral, que resolverá cada caso segundo o establecido nos artigos anteriores.

Artigo 8º.- A condición de comuneiro pérdese por algunha das seguintes causas:

- a) Por deixar de cumprir algunha das condicións determinantes da cualidade de veciño comuneiro.
- b) Por falecemento.
- c) Por renuncia voluntaria.
- d) Por calquera outro motivo sinalado por estes estatutos ou pola Lei de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento. A perda da condición de veciño comuneiro deberá ser acordada por decisión da Asemblea Xeral, que tamén acordará a súa recuperación cando cesen as causas que a provocaron.

Vertical handwritten notes in blue ink, partially illegible.

Vertical handwritten note in blue ink: A. Lemos Vicalo



CAPÍTULO III

Da representación por casa e delegación entre comuneiros

Artigo 9º.- A representación por casa perante a Comunidade corresponderá ao titular da explotación económica; no seu defecto, e independentemente da idade, sexo ou condición familiar, a quen designen por maioría os membros maiores de idade e, en derradeiro lugar, a quen de feito asuma a dirección da explotación económico-familiar.

Artigo 10º.- Para asistir á Asemblea Xeral, un comuneiro poderá delegar a súa representación noutro comuneiro, sen que ningún poida asumir máis dunha delegación. En todo caso, a delegación deberá ser expresa e por escrito para cada Asemblea Xeral.

A xunta rectora, coa aprobación da Asemblea Xeral, poderá establecer algún tipo de requisito ou documentación para facer efectivo o control da delegación.

CAPÍTULO IV

Dos órganos da Comunidade

A Asemblea Xeral:

Artigo 11º.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo de decisión da Comunidade Veciñal, e está composta por tódolos comuneiros que figuren como tales no libro de rexistro de altas e baixas.

Artigo 12º.- A Asemblea Xeral Ordinaria será convocada unha vez o ano, e sempre dentro dos seis meses seguintes á data do peche do exercicio económico.

Artigo 13º.- Con carácter extraordinario, poderase convocar a Asemblea Xeral por iniciativa do presidente da xunta rectora ou a petición dun mínimo do 20% dos comuneiros.


Neste derradeiro caso, a xunta rectora convocará Asemblea Xeral, que se celebrará no prazo máximo de dous meses. No suposto de que non se celebre, e por instancia dun mínimo do 20% dos veciños, reunirse a Asemblea Xeral para tomar os acordos oportunos, incluíndo a remoción da Xunta Rectora, respectando sempre as maiorías que marca a Lei.

Artigo 14º.- A convocatoria da Asemblea Xeral farase cun mínimo de 10 días de antelación, mediante notificación escrita a tódolos comuneiros e coa orde do día dos asuntos a tratar, e estará exposta durante o mesmo prazo nos taboleiros de anuncios do Concello, así como nos lugares de costume da parroquia. A convocatoria sinalará o lugar onde cada veciño comuneiro poderá examinar a documentación dos asuntos que figuren na orde do día.

Artigo 15º.- A Asemblea quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes ou representados máis do 50% dos comuneiros, e en segunda convocatoria, cando estean presentes polo menos un 25% dos mesmos. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá transcorrer un mínimo de dúas horas.

Artigo 16º.- Os acordos referidos a actos de disposición, así como á aprobación, reforma ou revogación dos estatutos, require

Diálogo
Luis López
A. Díaz Vieira





convocatoria expresa, e o voto favorable da maioría dos presentes que represente polo menos ao 50% do censo de comuneiros en primeira convocatoria e o 30% na segunda.

Artigo 17º.- Para a aprobación da xestión e balance do exercicio económico, aproveitamentos e actos de administración en xeral será suficiente a maioría simple.

Artigo 18º.- Son competencias da Asemblea Xeral:

- a) A elección do presidente e demais membros da xunta rectora.
- b) A admisión de novos comuneiros, así como as baixas e a perda total ou parcial dos seus dereitos.
- c) O establecemento de períodos de carencia e cotas de ingreso de novos comuneiros, cando proceda.
- d) Ratificación ou rectificación dos acordos adoptados pola xunta rectora.
- e) Dirimir discordias entre comuneiros.
- f) Aprobar os presupostos, inversións, obras sociais, melloras comunitarias, créditos e a distribución de aproveitamentos, beneficios e cargas.
- g) Aprobar os actos de disposición do monte: outorgamento de cesións, ocupacións e servidumes, dereitos de superficie, permutas, arrendamentos, e todo tipo de contratos con terceiros.
- h) Aprobación dos plans de aproveitamento do monte.
- i) Aprobación do proxecto de creación de mancomunidades con outras comunidades de montes.

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]



- l) Aprobación, modificación ou revogación dos estatutos da comunidade.
- ll) Aprobar a porcentaxe de reserva dos aproveitamentos cando supere o fixado na Lei de Montes Veciñais en Man Común e nestes estatutos.
- m) Decidir a interposición de accións xudiciais, sen prexuízo daquelas que polo seu carácter urxente deba decidir a xunta rectora.
- n) Todas as demais que a Lei e o Regulamento de Montes Veciñais en Man Común ou estes estatutos lle confiran.

Artigo 19º.- De cada reunión da Asemblea Xeral levantarase polo secretario da xunta rectora a correspondente acta, na que deberá constar a decisión da maioría respecto a cada un dos puntos da orde do día sometidos a votación, expresando o número de votos a favor ou en contra. Se algún asistente quere facer constar na acta a súa oposición, incluírase o seu nome mailos dous apelidos. Os acordos adoptados pola Asemblea Xeral obrigan a tódolos comuneiros.

A xunta rectora:

Artigo 20º.- A xunta rectora é o órgano de goberno, xestión, representación e execución da comunidade de montes, e estará composta por un presidente e dous ou máis vocais, elixidos por un prazo máximo de catro anos.

O presidente da xunta rectora ostenta a representación legal da Comunidade.

Artigo 21º.- Son competencias da xunta rectora:

- a) A execución dos acordos da Asemblea Xeral.
- b) Os actos de administración ordinaria.

Totalidiga
 Luis Lopez
 D. Dios Vello



- c) A convocatoria das reunións da Asemblea Xeral.
- d) A presentación á Asemblea Xeral das propostas de novos comuneiros, así como das baixas dos mesmos, imposición de períodos de carencia, e cotas de ingreso. Igualmente acreditarán a condición dos veciños comuneiros, mediante certificación da súa inclusión na relación de comuneiros.
- e) A confección e presentación de balances, contas, orzamentos, plans de aproveitamento, e, en xeral, a elaboración de propostas e proxectos de todo tipo á Asemblea Xeral, así como contratar coas persoas privadas ou públicas que esixa a explotación do monte.
- f) Someter á Asemblea Xeral os actos de disposición do monte.
- g) Tódolos outros asuntos que expresamente lle delegue a Asemblea Xeral ou lle confiran a Lei ou o Regulamento de Montes Veciñais en Man Común.

Artigo 22º.- O presidente da xunta rectora ostenta a representación legal da comunidade, e deberá acreditar dita calidade para realizar os actos de disposición.

O secretario será o encargado de realizar as citacións, redacción das actas das reunións, da correspondencia da Comunidade, certificacións, e terá ao seu cargo o libro de actas e o libro rexistro de comuneiros, así como toda a documentación da Comunidade.

O tesoureiro será o depositario dos caudais da Comunidade, controlará as xestións económicas da mesma, e terá ao seu cargo o libro de contas.

[Handwritten signature]

Luis Vidal

A. D. Vidal



Os demais vocais terán as funcións que se lles encomende pola xunta rectora ou pola Asemblea Xeral.

Artigo 23º.- A xunta rectora dará conta á Asemblea Xeral, na primeira sesión que se celebre, dos acordos adoptados.

Artigo 24º.- A xunta rectora será responsable perante a Asemblea Xeral do cumprimento das funcións que lle encomenda a Lei de Montes Veciñais en Man Común, así como nas sinaladas nos presentes estatutos, e de todas aquelas que lle encomende a Asemblea Xeral.

Artigo 25º.- A responsabilidade da xunta rectora será colexiada, a non ser que algún dos seus membros traspase os límites das facultades que lle foran conferidas e actúe a nivel persoal, sendo, neste caso, a responsabilidade individual.

CAPÍTULO V

Dos dereitos e obrigas dos comuneiros

Artigo 26º.- Os comuneiros están obrigados a:

- a) Cumprir fielmente os preceptos da Lei e Regulamento de Montes Veciñais en Man Común, as normas destes estatutos e os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral ou xunta rectora no ámbito das súas competencias respectivas.
- b) Efectuar as aportacións obrigatorias que fixe a Asemblea Xeral.

Handwritten signatures and notes in the left margin.



- c) Prestar a súa garantía na proporción que fixe a Asemblea Xeral, aos créditos recabados para financiar as necesidades económicas da explotación do monte, salvo que o comuneiro renuncie expresamente ó aproveitamento correspondente.
- d) Respetar os acordos que a Asemblea Xeral adopte sobre transformacións e forma de aproveitamento do monte.
- e) Asistir ás reunións para as que sexa convocado, ou delegar o seu voto noutro comuneiro, salvo causa de forza maior suficientemente xustificada.
- f) Desempeñar os cargos para os que sexa elixido na Comunidade. Non obstante, esta obriga quedará eliminada cando o comuneiro debido a súa idade, estado físico e outras circunstancias claramente apreciábeis pola Comunidade, estea impedido ou diminuído no seu traballo como membro da xunta rectora.
- g) Cumprir os mandatos da Asemblea Xeral respecto á defensa, custodia e conservación do monte, así como as medidas que se tomen para a prevención e loita contra os incendios.


[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

Artigo 27º.- Todo comuneiro ten os seguintes dereitos:

- a) A ser convocado ás Asembleas Xerais Ordinarias e Extraordinarias, na forma establecida por la Lei de Montes Veciñais en Man Común e estes estatutos.

R. Díez Vilar

- 
- b) A ser elector e elixido para presidente ou membro da xunta rectora coas limitacións establecidas nestes estatutos.
 - c) A participar nos beneficios que xenere o monte, na forma que acorde a Asemblea Xeral ou prevista nestes estatutos.
 - d) A participar con voz e voto nas Asembleas Xerais segundo o disposto nestes estatutos.
 - e) Tódolos demais que figuren na Lei e Regulamento de Montes Veciñais en Man Común e normas que os desenrolen.

CAPÍTULO VI


Gastos e xestión económica

Artigo 28º.- Os gastos orixinados pola explotación do monte deduciranse dos beneficios, se os houberse, e, noutro caso, prorratearanse entre os comuneiros.

Artigo 29º.- Cando un comuneiro cause baixa por deixar de cumprir-las requisitos esixidos para selo, ou abandone de xeito definitivo o lugar ou parroquia á que pertence o monte, poderá percibir, se o acorda así a Asemblea Xeral, os gastos e xornais que aportase das inversións no monte, sempre que non percibira algún tipo de beneficio a consecuencia dos mesmos e cando desas inversións se deriven beneficios futuros.

Leite-tobas

R. Pizar Villan



Artigo 30º.- Os plans de explotación do monte sólo serán aprobados por maioría absoluta, en Asemblea Xeral.

Artigo 31º.- O comuneiro que se negué a aportar a parte que lle corresponda para contribuir os gastos de xestión, aproveitamento e explotación do monte, non terá nin a voz nin a voto sobre as terras que xestione a Comunidade de Montes.

Artigo 32º.- Se algún comuneiro se amosa desinteresado e se inhibe de participar ou de pertencer á Comunidade, entenderase que renuncia voluntariamente ao seu dereito participativo. No caso de que cambie de opinión e así manifeste o seu desexo de participar en algún momento, sendo solidario coa Comunidade e cumprindo tódalas obrigas aportando o que lle corresponda segundo o que teña establecido a Comunidade, será admitido.

Artigo 33º.- Para o desenvolvemento e a consecución dos seus fins, a comunidade beneficiarase dos seguintes recursos:

- Dos seus propios ingresos, provintes dos aproveitamentos pecuniarios de todo tipo.
- De subvencións percibidas da Administración e Organismos Oficiais.
- De créditos, con entidades públicas ou privadas
- Por calquer outro recurso recoñecido legalmente e acordado en **Asemblea Xeral.**

